

LETRAS GALEGAS 2023

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Vilanova de Lourenzá 1913 - Vigo 2010

Continuador do Grupo Nós e un dos fundadores do galeguismo progresista do S XX.

Á iniciativa súa nace o Día das Letras Galegas en 1963.

Crítico literario, divulgador, escritor, político, editor,... licenciado en Dereito.

Preside a RAG de 1977 a 2001.

Foi unha figura ponte entre os exiliados e a Galiza.

Colabora co Seminario de Estudos Galegos, a revista *Nós* e dirixe o xornal *A nosa terra* (1933).

Colabora con Alexandre Bóveda na redacción do Estatuto de Autonomía de Galiza (1936) e participa activamente na campaña a prol da súa aprobación xunto con Castelao, Otero, Risco, ...

1949, xornal *La Noche* escribe baixo o pseudónimo: Salvador Lorenzana.

Este xornal será clausurado en 1950 logo de publicar un artigo dedicado a Castelao.

RAG

Ingresa como membro correspondente en 1948.

Membro numerario en 1960. O seu discurso de ingreso foi : *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores.*

Preside a RAG de 1977 a 2001.

En 1950 participa na fundación da editorial Galaxia e posteriormente na creación da revista *Grial*, da que foi responsable ata 1988 (o número 100).

Exerceu como docente en Vigo no colexio Labor e na academia Sigma.

Habitual nos faladoiros dos cafés Derby e Suevia.

Durante a posguerra coordina as emisións en lingua galega da BBC.

En 1963 funda a Biblioteca Penzol en Vigo.

Colaborador habitual nos xornais : Faro de Vigo e La Voz de Galicia.

Recibiu numerosos recoñecementos e premios en vida.

1979 Pedrón de Ouro.

1985 Medalla Castelao.

1988 Medalla de ouro da cidade de Vigo.

OBRA

<https://academia.gal/letras-galegas/2023/francisco-fernandez-del-riego/obra>



O 28 de abril visitounos Ramón Nicolás, autor da obra:

Francisco Fernández del Riego
Vida e obra dun obreiro do galeguismo.

O alumnado de 4ºESO gozou dunha clase maxistral sobre a vida e o traballo realizado polo autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023.

O noso agradecemento por compartir connosco o teu tempo e os teus coñecementos.
Grazas Moncho.



1º PREMIO MICRORRELATO

“Deixa as ás”

Hai tempo coñecín unha nena que voaba. Tiña un cabelo vermello a conxunto coas súas ás. O seu pai quería moito e sempre a animaba a voar moi alto, pola contra, a súa nai...

Durante os seus 12 primeiros anos de vida, a nena ignorou os comentarios e até os golpes da súa proxenitora, nada lle importaba mentres tivese a carón o seu pai. Todo mudou cando comezou a ESO.

Ao principio a xa moza era feliz, mais os seus compañeiros eran igualiños a súa nai. “Non o entendo, pensaba ela, papá é mellor que mamá, entón, por que os meus compañeiros se comportan como a mamá?”

Paseniño mestres, compañeiros, a mamá e coñecidos e alleos, conseguiron tallarlle as ás. Xa non voaba e aínda que o seu pai lle repetía o incríbel que era, sentíase sen azos para bater as ás.

Un día arrastrándose pola rúa enxergou outra moza que tiña as costas ensanguentadas. Preocupouse por ela e comezaron a falar ese día e moitos outros. Remataron sendo uña e carne.

A enerxía da súa amizade fixo que das cicatrices das costas da amiga brotasen unhas pequeniñas ás que, coma as súas, pouco e pouco foron collendo firmeza. Apoiándose unha na outra serían quen de conseguilo.

Con ledicia puideron voar xuntas e proclamar con afouteza a súa amizade inmorredoir.

Candela Borines Alfonso, 3ºA

2º PREMIO MICRORRELATO

“Imaxe desastrosa”

Horríbel. Miro cara adiante e só podo detestar o que vexo. Bótome a chorar, o meu corazón palpita con forza no meu peito e con ganas de saír. Xa non sei o que sinto... Noxo? Tristura? Odio? Como a alguén lle pode gustar a imaxe que se reflicte nos meus ollos? Miro cara abaixo, e encontro unha pedra, quizais así poida rematar con este sufrimento. Cólloa e apunto, teño unha soa oportunidade. Mais, aínda que a pedra dá no seu obxectivo, o resultado non é o esperado. A imaxe multiplícase no espello roto en mil anacos.

Elía Crespo Pérez, 3ºB

1º PREMIO FOTOS



senta no banco,
na illa dos segredos
dormen as ondas.

Noa de Andrés Castillo, 3ºB

2º PREMIO FOTOS



Toda unha vida

Adri Navarro, 4ºC

GAÑADORAS CONCURSOS



Candela Borines, 3ºA

Elía Crespo, 3ºB

Noa de Andrés, 3ºB

Adri Navarro, 4ºC

RELATOS

Supperiores

—Que estás a facer? —pregunteille ao velo encollido sobre o seu escritorio escribindo frenético nunha folla de papel que poucos segundos atrás se atopaba en branco.— E outra das túas parvadas?

—Non, n-non.—tatejou el.— Isto é importante, si si, moito, moi importante-te.

Ao final da frase case estaba bradando, unha suor xeadá percorríalle a fronte, e as súas pupilas semellaban dilatadas á luz do candil. Renxíanlle os dentes, coma se estivese a facer un esforzo sobrehumano. Non me asustei moito, coido que xa me acostumei a velo tolear cos seus contos e novelas. Non sei en que momento se me ocorreu isto de casar cun artista! Dicirlle artista é moi xeneroso, o que é é un fracasado. Iso é, si, é un fracasado. Sempre di que esa vez é a boa, que é o seu momento, máis eu levo tanto tempo agardando que sei que non vai chegar. Que xa vou maior e non estou para aturar lerias. Cando empeza algo, é incapaz de rematalo. Temos a casa chea de manuscritos a medio escribir. Meu irmán sempre me di que teño que levalo a un psicólogo ou quizais directamente a un psiquiatra. Eu creo que xa é tarde, non debe haber tratamento para tal loucura.

Os seus saloucos devolvéronme á realidade. Decidín ignoralo e ir durmir. Deille as boas noites e fun para a cama.

Espertei na noite, podía oír como a choiva golpeaba con furia o tellado, que ameazaba con derrubarse. Decateime de que o meu marido non se atopaba durmindo ao meu carón. Pareceume escoitar uns laios. Incorporeime e fun onda a porta. Un raio de luz tremente coábase pola fenda. Abrina con coidado e observei a sala de estar. El atopábase no escritorio, chorando, mentres axexaba un pequeno montón de papeis escritos. Semellaba ameigado. Recreei dos meus ollos. O meu home era ese?

De súpeto, semellou desmaiarse. Caeu no chan, arfando, parecía que non podía respirar, que non había suficiente osíxeno no planeta para os seus pulmóns, para segundos despois ficar quedo e mudo. Corrí ao seu carón e tentei buscarlle o pulso, aínda latexaba.

Agora, dous días despois, co meu marido aínda no hospital, non podo deixar de cismar no sucedido. El está ben, non me preocupa a súa saúde física. Magoou un ombreiro na caída, e se non lle deron xa a baixa é só por trámites modernos deses. Agora que cheguei ao meu fogar despois dun par de noites na casa do meu irmán, que está moito máis preto do hospital, podo por fin ler iso tan importante que estaba a escribir.

Os papeis tentan asoballarme coa súa letra pequena e descoidada e coa súa cor amarela, mais estou decidida a lelo, non vou fuxir agora.

Esta é a historia dun mozo de aldea, dunha nena loura, dun ancián nugallán e dunha muller executiva. É a historia dun inocente rapaz, dun malvado adulto e dun vello tolo. É a túa historia, a súa, a dela, e tamén a miña. É a Historia.

Cres que o sabes todo? Asegúroche que non. É abraiante a cantidade de cousas que ninguén sabe. Ás veces é perigoso contalas, mais non son quen de agochar a verdade. Deberíamos ser recoñecidos polo noso poder.

Non somos nós quen controlamos o futuro. Algunha vez miraches o teu reflexo no espello? Non me refiro á imaxe que che devolve o cristal, refírome á túa alma, o teu destino. Só os Supperiores podemos velo, es ti un?

Hai non moito tempo, un raparigo pontevedrés atopou un anaquiño de espello. Non tiña nada fóra do común, os seus bordos eran cortantes, e estaba un pouco raiado, pero a el chamoulle á atención. Levouno para o fogar e limpouno cun pano. Sacoulle brillo e mirouse nel. Sorriulle a imaxe que vía reflectida.

O mozo volveuse adicto a mirar aquel anaco de cristal. Podía pasar horas achantado nun lugar vendo o seu reflexo ou observando como se vían outros obxectos nel. Os seus pais, preocupados pola súa saúde, xa que nin sequera comía, roubáronlle o anaco mentres durmía, algo que raramente facía, pero que non podía evitar de todo. Non viron nada estraño, mais decidiron desfacerse del igualmente, non podía ser bo. O rapaz ao espertar e non atopalo comezou a agonizarse. Salaiando, pediulle explicacións aos seus pais, que sen desacougarse admitiron o roubo.

Apareceron mortos á mañá seguinte, con sinais de seren afogados. Nunca se sinalou ningún culpábel e o mozo foi vivir baixo o teito dos seus tíos.

Movido pola adicción, buscou a súa droga. Porén, non todos os espellos lle valían. Non podía diferenciar cales eran os bos até que se miraba neles. Percorreu todas as tendas da cidade, todos os recunchos da vila, sen resultado. Coma un adicto sen droga, enfermou. Non pensaba con claridade, custáballe respirar e ver. O médico díxolle que era normal, dado o trauma que lle deixara a morte dos seus pais. Pero o mozo sabía que non era iso.

Un día, camiñando pola praia, cortouse nun pé cun anaquiño de cristal. Recolleuno e foi limpalo no mar para observar o seu reflexo: ese si era “un anaco”. Nese podía verse como era. O vermello do seu sangue tinguiu o cristal, o que lle daba un efecto máis atractivo e poderoso. Era imposible arrepoñerse ao seu influxo. Era imposible deixar de ver o mundo a través del, imposible deixar de coñecer a verdade sobre os demais e os seus segredos, imposible...

Aos seus oídos chegou unha lenda que contaba que os que vían “a verdade” no anaquiño eran chamados Supperiores porque podían ver no espello o futuro e transformalo ao seu antollo. Todos os que tiñan un anaco podían gobernar, seducir, matar, asoballar... mais se conseguías reconstruír o espello e ver a túa imaxe completa serías o gran amo.

E iso foi o que se propuxo o mozo. Ao longo dos seguintes anos, foi buscando máis “anacos”, arriscando a súa vida para conseguilos, removendo terra e mar, mais era moi custoso obter un, xa que ninguén sabía de onde saían, quen os creara ou por que funcionaban.

Após anos e anos de buscar, anos de fracasar, anos de progresar, anos de desesperanza e anos de paciencia, por fin conseguíuno. Puido ver o seu “reflexo” completo.

Tentou gardar o segredo, mais non pasou moito tempo antes de que alguén o soubera. Tentaron riparllo, roubarllo, tallarllo, pero el resistiu. Verse nese espello de man facíao máis forte, máis intelixente, máis rápido, mais menos bondadoso e compasivo. Co poder do espello, cumpriu a súa tarefa, moveu os fíos do mundo ocasionando conflitos, secas, pandemias... Sentíase moi fachendoso coas súas obras, mais aínda quedaba a máis importante: planificar unha nova guerra mundial.


É arrepiante que todo o poder estea nunhas mans, non?

Por desgraza, non somos inmortais, coido que imos morrer algún día. Xa o comprobarei. Supoño que te preguntarás porque escribo isto, se é un segredo tan crucial. Escibín isto no idioma dos Supperiores, se ti es unha deles, poderás lelo. O que quero entón, é que ti

O relato remataba abruptamente, probabelmente foi aquí onde se desmaiou. Sentía como me tremían as mans cando levantei a vista do papel e reparei nunha pequena caixa que se atopaba ao meu carón, na mesa. O meu corazón latexaba cada vez máis rápido cando a abrín.

O espello. O meu reflexo.

Carla Acosta, 3ºA



A casa deshabitada

Erguíase na beira dereita, solitaria, con traza de levar moitos anos deshabitada. Era un edificio grande, con baixo e dous andares; na fachada había seis fiestras, dúas con baixo e outras dúas en cada un dos pisos, ademais dun balcón de ferro forxado no primeiro. {...} Non tardei en decatarme de que non era só eu quen albergaba temores sobre a Casa Azul. {...} Se cadra para vencer o medo, ou quizais porque esas probas de risco son ritos obrigados na adolescencia, de cando en vez desprazabámonos a un lugar próximo á Casa Azul e botabamos a sortes quen se achegaría a ela.

Lembro a tarde en que me tocou a min. Comezaba a caer a noite. {...} A proba consistía en pasar polo menos un cuarto de hora ao pé de portón, con algunha parte do corpo en contacto coa madeira, Mentres os outros agardaban no camiño, eu montei na bicicleta e pedaleei ata a casa. Deixei a arrimada á parede e aproximeime á porta, o corazón batíame coma se quixese fuxir da arca do peito! Non se movía unha folla, era deses solpores de verán en que a natureza semella deterse, coma se tamén ela se dispuxese a repousar durante as horas de escuridade. Mesmo os grilos, os saltóns e toda a bichería permanecían anormalmente mudos, polo menos nos arredores do edificio.

Arrimeei a cabeza á madeira da porta, para comprobar se se escoitaba algún ruído procedente do interior. Formaba parte da aposta, os meus amigos estarían a observarme desde a distancia. E entón, nunha das veces nas que acheguei a orella, foi cando escoitei un inesperado arfar, era un arfar axitado, como o que faría un animal ou unha persoa despois dun esforzo sostido. Parecía medrar en intensidade, como se quen o producía estivese cada vez máis próximo á porta. E, a seguir, escoitei con claridade unha rozadela na madeira, coma se alguén, desde o interior, rascase nela cun coitelo ou cunhas tesoiras.

Ou cunhas unllas anormalmente duras e afiadas, pensei ao tempo que se me xe xeaba o sangue e se encrespaban os cabelos. {...} O máis terrible era que me sentía incapaz de despegar a cabeza da madeira. Así que alí permanecín, non sabería dicir durante canto tempo, escoitando aquel arfar rítmico e os ominosos rabuñaduras que alguén facía nas táboas do interior.

Ao cabo dun tempo, escoitei aos meus amigos chamarme.

Iso fixo que me desconxelas e que fose correndo a xunto deles a contarlles o sucedido. Ao principio, creron que o estaba inventando, pero coa miña cara de terror e as insistencias, achegámonos á casa para demostrarlles que non mentía. A miña sorpresa non puido ser maior, cando arrimamos as cabezas á porta e o único que oíamos de cando en vez era o renxer da antiga madeira.

Todos se riron de min, pero ou xureilles que o que oíra era de verdade.

Así que lles dixen que lles amosaría a realidade do meu relato, entraríamos todos na Casa Azul e atoparíamos a fonte dos ruídos.

Ao principio, negáronse, pero despois aceptaron, así que collimos as lanternas que levabamos nas mochilas e uns paus e adentrámonos na casa.

O recibidor, que daba a un salón e unha cociña, semellaba baleiro. Un amigo bisboume “es un mentirán, aquí non hai nada”. Ocorréuseme entornar a porta, e, xusto coma sospeitaba, unhas profundas marcas de unllas atopábanse na madeira. Aí tiñamos a proba de que o meu relato era verdadeiro.

Seguimos avanzando ata que, seguindo un presentimento, afasteime do grupo e direccioneime ao salón.

Era a primeira vez en moito tempo que alguén entraba na Casa Azul, polo que me estrañou que a alfombra non tivese nin unha mota de po, en contraste co sucísimo chan.

Aparteina a un lado e topeime cunha porta pequena e cadrada, cun tirador dourado. Tal vez, se non estivese tan emocionado polo achado, nin tan asustado, non levaría aquela tapa só, sen que ninguén soubese onde estaba.

Pero as cousas sucederon así, e no momento no que abrín a porta, vin como unha figura grande o cos ollos máis enormes que verei xamais e cunha maldade propia do mismísimo Diaño abalanzouse sobre min, deixándome unicamente tempo a berrar, o que alertou os meus amigos, que se atopaban no segundo andar.

Baixaron correndo, xusto a tempo para ver á criatura afastarse da casa no medio da noite. Pero o dano xa estaba feito”

E esta é a historia da miña cicatriz, díxenlle á doutora do centro, que me miraba con cara asombrada.

“Xa sei que pensas que son só un tolo máis do psiquiátrico, doutora... Pero só porque o monstro viva na miña cabeza non significa que non sexa real...

Esta noite vaicho demostrar!”

Helena Romero, 2ºB

O Leonchelo

O Leonchelo posúe unhas habilidades extraordinarias, pois é capaz de tocar instrumentos clásicos de corda, só co roce das súas longas poutas. Cada vez que se atopa preto dun violín, unha viola ou especialmente un violonchelo, a súa melena loura expándese de ledicia, abraza cada posible nota e arrinca o máis belo e atronador son que xamáis se teña oído.

Os seus ollos alumeantes pousanse en todo aquel que sexa valeroso abondo para pararse a escoitalo e cando alcanza a recibir algún aplauso, solta un enorme ruxido que enche a estancia dunha atmosfera moi especial, como é o temido animal. Pero o é realmente ou tan só quere facernos gozar?

Joel Cambeiro, 2º B



O Formito

O formito é un pequeno animal, que vive só, semellante a unha formiga, pero cun aguillón na boca e un par de pequenas ás.

Cando é noite, o formito adícase a entrar nas casas da xente, achegarse ás persoas que están durmindo e entrar no seu cerebro pola orella. Unha vez alí, co seu aguillón, aliméntase das boas lembranzas do hóspede e provócalle uns terribles pesadelos. Logo, marcha voando sen deixar rastro, por iso se di que son animais do diaño.

Para evitar ser atacado por un formito, só hai que acender unha candea, porque coa luz, estes animais desorientanse, e como as candeas seméllanse á luz do Sol, cousa que os formitos non aturan por ser animais diabólicos, non entrarán na túa casa.

Helena Romero, 2ºB

O dano da humanidade na natureza

Desde o principio dos tempos, o humano fixo uso da natureza para a supervivenza: paus, pedras, froitos silvestres... Isto non era perxudicial para o planeta, porque eran poucos humanos e repoñían os estragos facilmente, pero co pasar dos anos, a humanidade foi evolucionando e as súas necesidades tamén. Máis tarde que cedo, xa había moitas cidades ao longo do planeta facendo un uso indebido dos recursos e esgotando as materias primas. Moitas tarfeas podían facerse sen apenas gastos, pero as persoas despreocupadas facían un gasto innecesario. Na actualidade, o mundo está sufrindo uns problemas de contaminación tan grandes que non os pode soportar. A maioría destes problemas como os vertidos tóxicos aos mares, a deforestación de grandes bosques como o Amazonas, o quecemento global polos gases de efecto invernadoiro... son culpa de grandes empresas. Por outra parte, o que faga a poboación tamén é importante porque afecta á Terra.

Para axudar a minimizar tódolos problemas medioambientais, pódense tomar medidas tan simples como non usar o automóbil privado diariamente e no seu lugar coller o transporte público ou camiñar para reducir as emisións de CO₂, reciclar os plásticos e desperdicios que sobren na túa casa, mercar un vehículo eléctrico antes ca un de gasolina, pechar a billa cando non uses a auga, apagar tódalas luces que non sexan necesarias... Con todas estas medidas e algunhas outras, ti tamén podes axudar a cuidar o noso planeta, a natureza e a fauna.

Breogán, 4ºB

Novas tecnoloxías

Lémbrome de cando era pequena e ía a algún lugar público coma un restaurante.

Os pasatempos daquela adoitaban ser as bonecas que levaba, ler unha revista ou pintar no caderno que sempre levaba miña nai, pero hoxe en día cando vou a algún restaurante, practicamente todos os nenos están cun móbil ou Tablet, e os que non, están a berrar para que llo dean.

Está claro que é un bo recurso que axuda a mellorar as competencias dixitais dos rapaces, pero empeora as súas capacidades de concentración, sociais ou a súa imaxinación. Algúns nenos tamén teñen moita dependencia e cando non se lles dá un móbil chegan a situacións extremas.

Penso que cada día os rapaces saben menos estar en lugares públicos e teñen menos respecto cando non se lles dá o que queren.

Lúa, 4ºB

Redes sociais

O derradeiro 27 de decembro, Elon Musk (dono de Twitter) decidiu devolverlle a conta a Andrew Tate. Trátase dun ex-kickbóxer británico-estadounidense, famoso polos seus comentarios sexistas, homófobos, misóxinos e antivacinas. Ademais de ser unha personalidade de internet de extrema dereita. Ese mesmo día, Andrew publicou un tweet dirixido a Greta Thunberg (famosa activista e ecoloxista) no que dicía que tiña 33 coches que contaminaban moito e que quería mandarlle a listaxe completa á activista a través do seu correo electrónico (todo isto co fin de mofarse dela, sen razón aparente).

Ao día seguinte Greta publicou a súa resposta: "Si, por favor, ilumíname. Envíame un correo a enerxiadepenepequeno@mércateunhavida.com". Ás poucas horas, Tate publicaba un video no que aparecía vestido cunha bata vermella e dourada, fumando un puro cunha caixa de pizza rumana para amedrentar á ecoloxista. Grazas a este vídeo, o home puido ser arrestado polas autoridades romanesas por un suposto complot de tráfico de personas, ademais do material pornográfico atopado na súa vivenda.

En resumo, hai que ter moito coidado nas redes sociais xa que nós non podemos saber con que clase de persoas estamos tratando e quen ven os nosos videos.

Se alguén pensa o contrario, que está historia lle sirva de exemplo.

Daniel Lago, 4ºB



VISITA A OURENSE

O día 1 de marzo, o alumnado de Humanidades de 4º B, conxuntamente co alumnado de Cultura Clásica de 3º, fixo unha excursión a Ourense para ver a obra de teatro clásico “Agamenón”, unha interesante traxedia de Esquilo representada en galego polo grupo de teatro El Ruiseñor no Auditorio Municipal da cidade.

Como chegamos con moita antelación, puidemos visitar o cemiterio de San Francisco, onde están soterrados Eduardo Blanco-Amor, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Miguel Angel Valente, entre outros. Aínda que a algúns lles deu moito “yuyu” entrar nun cemiterio, tivemos que reconecer a beleza dalgúns dos mausoleos, nos que tivemos ocasión de practicar o noso latín, e o encanto de pasear nun sitio con tanta historia como este. De feito, como curiosidade, atópanse alí os restos da primeira vítima reconecida de violencia de xénero en España (Asunción González, morta en 1891), cunha lápida que reza: “Pobre Asunción - Viernes Santo del 91”.



Antes de entrar no Auditorio Municipal puidemos visitar o mosteiro de San Francisco. Demos unha volta ó seu impresionante claustro, restaurado hai poucos anos, e saímos rapidamente, porque tiñamos que presentarnos no teatro con tempo.



A función teatral estivo moi ben, e todo o mundo disfrutou coa historia de Clitemnestra e a súa terrible vinganza sobre o seu home Agamenón despois do regreso deste da Guerra de Troia. Os actores e actrices eran xente nova, e a ambientación, vestiario, coreografías e música foron impresionantes!!!



Ao saír, fomos comer os nosos bocatas á Alameda de Ourense. Despois de coller forzas, demos unha pequena volta polo casco vello de Ourense, pasando polas Burgas (onde coñecemos o nome da primeira ourensá, chamada Calpurnia), a catedral e a Praza Maior, onde tomamos uns xeados e uns chocolates nos seus soportais.

Para rematar, subimos ó autobús para dirixirnos ás termas de Outariz, unhas pozas de auga quente á beira do río Miño, onde nos bañamos (excepto os aburridos dos profes) e nos relaxamos durante máis dunha hora. Cando tivemos que marchar, os profes case nos teñen que sacar á forza porque se estaba tan ben ... Non queriamos irnos dali!!



Unha vez duchados e relaxados todos, só nos quedaba subir ao bus para voltar a casa. Foi un día fantástico!!!

CHANGE THE CHANNEL

O 25 de abril de 2023 o noso alumnado de 3º e 4º de ESO asistiu a unha obra de teatro en inglés no Multiúsos de Redondela. Esta actividade foi o resultado da colaboración entre os tres institutos da zona: IES Pedro Floriani, IES Mendiño e IES Illa de San Simón.

A obra elixida foi *Change the Channel*, unha comedia interpretada polos actores Fiona Grant e Michael Flanagan, da compañía teatral Moving On.

Durante case unha hora sucedéronse situacións cómicas que fomentaron a participación dos alumnos, algúns dos cales non dubidaron en subir ao escenario. Á parte lúdica do espectáculo uniuse unha parte didáctica, ao tratarse dunha obra en inglés e dunha reflexión sobre un dos problemas da sociedade actual: a desigualdade de xénero no mundo laboral.

O cambio de canle ao que se refire o título da obra é o cambio que precisa unha sociedade na que non todos os membros teñen as mesmas posibilidades. Segundo datos recentes, en España as mulleres gañan, de media, un 20,9% menos que os homes, só ocupan o 34% dos postos directivos e o 27% dos consellos de administración das empresas do Ibex 35. Á fenda salarial e ao teito de cristal que supón ese menor acceso a cargos directivos hai que engadir outro exemplo da desigualdade de xénero: as mulleres representan o 87% das persoas laboralmente inactivas por estar ao coidado de fillos ou de achegados que requiren atención especial por idade ou enfermidade.

A comedia *Change the Channel* pon de manifesto algúns dos obstáculos que adoitan atopar as mulleres para desenvolver unha carreira profesional e propón un cambio, un esforzo na sociedade para derrubar as barreiras discriminatorias de calquera tipo.



MONTE ALOIA E MUSEO MINERGAL

O xoves 11 de maio o alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 4º da ESO foi de excursión ao museo Minergal en Porriño onde puideron observar a gran colección de minerais, rochas e fósiles que este museo posúe, á vez que repasaron conceptos vistos con anterioridade na materia.

Este mesmo día, o alumnado tamén realizou unha senda botánica polo Parque Natural Monte Aloia á vez que visitou o Centro de Interpretación Ambiental do parque. Na Senda botánica unha guía nos explicounos as especies vexetais autóctonas máis importantes dos ecosistemas galegos e a importancia da súa conservación. Volveremos visitar este espazo natural, pois paga a pena!



EDUCAR EN XUSTIZA

A finais de outubro de 2023 o alumnado de 3º da ESO acudiu ao xulgado de Redondela onde asistiu como público a varios xuízos. Estas visitas enmárcanse dentro do Programa Educar en Xustiza que ten como obxectivo achegar a xustiza á mocidade. Foron unhas xornadas moi interesantes para o alumnado e o profesorado, ao poder ver de cerca como funciona o poder xudicial. A actividade foi organizada polo profesorado da materia Proxecto Competencial. Repetiremos!



MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES

O luns 9 de xaneiro de 2023 o alumnado de 3º da ESO visitou os museos científicos coruñeses: Acuario, Domus, Casa das Ciencias e Planetario. Foron percorridos polo alumnado do noso centro que tivo a oportunidade de achegarse, algo máis, ao mundo científico e a vida animal.



FESTIVAL INTERCULTURAL

Ocorréusenos este proxecto porque queriamos facer algo que tratase e incluíse o alumnado deste instituto e fose entretido e interesante ao mesmo tempo. O festival intercultural trata de que deamos a coñecer e amosemos as diferentes culturas presentes no noso instituto. Necesitan esta presentación porque non son coñecidas e non se fala tanto delas. O que fixemos foi falar co alumnado desas outras culturas e, en total, atopamos as seguintes: a rusa, a mexicana, a xitana, a galega, a brasileira e a marroquí. Os alumnos que participaron na visibilización da súa cultura trouxeron desde comida até cómics típicos. Os da cultura marroquí trouxeron henna para facerlle tatuaxes ao público asistente, isto foi un éxito total!!

A experiencia saíu ben e cremos que todo o alumnado se entretivo e aprendeu algo novo e todos nos achegamos a eses mundos culturais tan descoñecidos como próximos.

Naira Lorenzo, Raúl Oitavén e Alichia González. 3ºA



ALUMNAS DO IES ILLA DE SAN SIMÓN LOITAN CONTRA AS BARREIRAS ARQUITECNTÓNICAS

Noa de Andrés Castillo, Daniela Alonso dos Santos e Elía Crespo Pérez, alumnas do IES Illa de San Simón, un instituto de Redondela, realizaron un traballo para a nova materia “Proxecto Competencial”. Debido ao recente uso de muletas por parte de Noa, decidiron ir na procura de barreiras arquitectónicas. Percorreron o seu instituto, o centro de educación primaria CEP Santa Mariña e varias zonas da súa vila, fotografando as dificultades que encontraron. Logo recompilaron a información e expuxéronlla á dirección do instituto.

Agora están á espera de contactar co concello para ensinar o seu traballo en busca de resultados.



PROXECTOS INTERXERACIONAIS

Desde o comezo decidimos que os nosos proxectos ían estar relacionados cos maiores e a súa vida a diario. Ao longo do curso levamos a cabo varios, na súa maioría, relacionados cos centros de día.

No primeiro trimestre organizamos varias actividades con dous centros de día. Levamos a toda a nosa clase a un destes e xogamos xuntos ao bingo. Levámoslles regalos aos gañadores, aínda que ao final case todos tiveron algún premio. Eles déronnos regalos feitos á man, como unhas chapas ou árbores de nadal pequenos (xa que era por esa época). Tamén pintamos un mural coa silueta da Coca Simona (feita por unha compañeira do noso grupo) e recubrímola con pintura de diversas cores nas mans.

Co outro centro fixemos un proxecto chamado “Intercambio de bailes”. Un grupo pequeno veu ao instituto e ensinounos tipos de bailes, música e festas da súa época e nós a eles os actuais. Tiñan moita ilusión e enerxía, aínda máis ca nós! Acompañounos unha profesora de baile da escola Dansarey.

Como ese día os de 4º da ESO estaban vendendo chocolate quente para a súa excursión de fin de curso convidáronnos, mentres o tomabamos falamos animadamente con eles.

No segundo trimestre contactamos con outros centros para intercambiarnos cartas. O noso profesor de galego axudounos a que a xente participase. Fixo un modelo de carta e deixounos unha clase para facelo. A profe Tania encargouse de envialas e repartir as respostas das persoas residentes. Díxonos que eles estaban moi contentos de recibir as nosas cartas.

No terceiro trimestre fixemos unha feira de troco no noso centro. O obxectivo era traer algo de teu en bo estado e que non utilizases. Deixando o teu obxecto, podías levar algunha cousa que trouxera outra persoa. Controlabamos as persoas que participaban no intercambio cuns tickets personalizados que nós fixemos. O mesmo día da feira do troco houbo unha xornada de *multideporte* e unha *festa intercultural*.

Ao final a feira saíu moi ben, mellor do que pensamos, e moita xente colaborou.

CONCLUSIÓN : Coida os teus avós e goza cos teus seres queridos.
Dálle unha segunda oportunidade ás cousas que non usas.

PARTICIPANTES : Paula, Candela, Sofía C. , Sofía R. e Úrsula de 3ºA



RECICLAXE

Con este proxecto queremos achegar a reciclaxe ao centro.

Como carecíamos de información e método para acometer este proxecto, decidimos consultar con distintas fontes e institucións, entre elas atópanse o Concello de Redondela, Sogama, Ecoembes...

Comezamos poñendo unhas papeleiras, mais iso non funcionaba de xeito correcto polo que solicitamos uns colectores axeitados.

Unha vez xa conseguidos os colectores, decatámonos de que a xente non dispoñía dos coñecementos requiridos para poder utilizalos de maneira correcta. Por este motivo, vímonos obrigados a contactar con Sogama de novo para preguntar se sería posíbel visitar as súas instalacións coa finalidade de recibir charlas informativas ao respecto, por desgraza dixeron que non.

Neste proceso, como é normal, tivemos que enfrontarnos co algunhas problemáticas. Salientamos o feito de ter que cambiar o nome dos contidos de cada papeleira en varias ocasións, sen esquecermonos do maior inconveniente de todos: a falta de participación e información por parte do alumnado do centro, xa que case ninguén utilizaba de maneira correcta os colectores e o método para reciclar.

Esperamos poder ter máis efectividade no futuro.

Christian C, Martín P, Iago G e Xoel P



SAÚDE MENTAL

Este proxecto elixímolos como unha parte do tema xeral e amplo que é a vida saúdabel. A saúde mental cremos que é unha problemática de suma importancia para tratar nos adolescentes. Por iso decidimos avaliar os seus coñecementos sobre o tema e o seu estado mental mediante unha enquisa que deseñamos.

Tamén fixemos unha visita á asociación local 'LENDIA' para que nos aconsellaran e desen ideas para a realización do proxecto.

Percorremos todas as clases do instituto realizando a sondaxe e recollendo datos de forma anónima.

Na mesma solicitabamos resposta a cuestións tan diversas como a idade, o xénero co que se identificaba a persoa que respondía, que entendía por saúde mental, se tiñan prexuízos contra as persoas con trastornos mentais, como consideraban a súa propia saúde mental, canto e como dormen, se están deprimidos, se teñen melancolía, se están diagnosticados por un profesional...

Os resultados expuxémoslos no pleno sobre saúde mental, con participación de todos os institutos e colexios, organizado polo concello de Redondela.

Os datos máis destacábeis son:

- A maioría do alumnado non sabe definir saúde mental, non sabe o que é ou ten unha idea equivocada da mesma.
Sirvan de exemplo respostas como: “a saúde mental é unha enfermidade”, “é ter mente fría e saber o que fas”, “son as diferentes formas de ser das persoas”, “é se tes problemas no colexio”.
- Un 38% cre que ten un trastorno de ansiedade, un 35% depresión. O 25% declara ter problemas de sono e o 15% trastornos da conduta alimentaria. Só o 25% do alumnado do centro cre que non ten ningún problema de saúde mental.
- Un 60% do alumnado do centro sentiuse especialmente deprimido desde que comezou o curso e ao 50% a presión por sacar boas notas aféctalle moito na vida diaria.
- Máis dun cuarto dos compañeiros e compañeiras teñen problemas para durmir e case o 32% afirma ter sufrido "bullying" ou algún tipo de acoso escolar.
- Á pregunta “Se tiveses un trastorno, contaríalo?”, moitas persoas responderon que o ocultarían e varios admitiron que lles daría vergoña dicilo. Quizais sexa por iso que o 27% do alumnado non coñece a ninguén que lle contase que ten un trastorno, isto é moi preocupante xa que un dos grandes problemas da saúde mental é agochalo, non contarlllo a ninguén.

Por todo isto e como nos preocupa ser un dos sectores da poboación con máis problemas deste tipo e como cremos que é un tema moi serio, o suicidio é a causa de morte non natural máis común en España, imos enumerar unhas propostas para mellorar a situación:

- Un bo xeito de achegar medidas sobre saúde mental a todas as nenas, nenos e adolescentes é nos centros educativos. Precisamos obradoiros de educación emocional, mais non en formato de charlas. Pensamos que todo o que sexa vivencial,

que poidamos experimentar por nós mesmas e mesmos é o xeito indicado para interiorizar estas aprendizaxes.

- Pensamos que as nosas nais, pais, profesorado e todas as persoas adultas que pasan tempo con nós tamén precisan deses talleres ou charlas, pois é necesario que saiban acompañarnos da mellor maneira posíbel.
- Cremos que desde o Concello se debería colaborar máis coa asociación LENDA, que leva a cabo un gran labor neste eido, e sumar aí as forzas para ofrecer solucións e/ou ferramentas sobre saúde mental.
- Precisamos continuar reivindicándolles ás entidades superiores que nos centros de saúde teñamos consultas de psicoloxía, así como psicólogos/os nos centros de ensino suficientes para atender a todo o alumnado, facilitando así o acceso a este servizo a todas as persoas que o demanden.
- Investigar e divulgar datos: a información é poderosa, canto máis coñecemento como sociedade teñamos do tema, mellor poderemos responder ao problema.

Como esta problemática precisa do esforzo de toda a cidadanía, nós comprometémonos a:

- Acompañar e escoitar as nosas amigas e amigos cando o precisen. Animando, sen xulgar, a buscar axuda dun profesional se for necesario.
- Evitar que as compañeiras e compañeiros que non se senten ben animicamente se illen, pois ter vida social e contar cunha rede afectiva é vital.
- Seguir normalizando e visibilizando esta temática axudando a que todas e todos teñamos unha boa saúde mental e, polo tanto, unha vida saudábel.

Agora mesmo estamos desenvolvendo unhas actividades lúdicas e interactivas baseadas nos resultados obtidos na enquisa, para axudar e informar ao alumnado.

A idea sería ir por todas as clases, facer os xogos e transmitir información relevante sobre a saúde mental e diversos trastornos.

Tamén colaboramos co taller de educación sexual facendo unha campaña sobre o consentemento.

Elaboramos uns carteis e organizamos a visualización dunha curta.

Athenea Costas, Carla Acosta, David Lago, Jimena González, Rubén Lago e Silvia De La Iglesia. 3ºA



XORNADAS DE TEATRO COMUNITARIO “AS MULLERES DO TÉXTIL”

O luns 24 de abril e o luns 8 de maio de 2023 o alumnado de 3º da ESO A de Proxecto Competencial asistiu a unha xornada de teatro comunitario enmarcado dentro do proxecto "As mulleres do téxtil". Este proxecto dirixido por Roberto Casal e Xosé M. González está financiado polo Concello de Redondela, e entre un dos seus obxectivos está amosar mediante unha obra de teatro, o traballo da muller na industria téxtil de Redondela. Algunhas das nosas alumnas participarán na obra final que se desenvolverá en xullo no Multiusos de Redondela, converténdose deste xeito en traballadoras da fábrica de Regojo, temos que recordar que coa súa idade, moitas nenas xa comezaban a traballar na fábrica para axudar no sustento familiar.

Entre os obxectivos do obradoiro estaban achegar ao alumnado ao mundo do teatro, promover o traballo en equipo, o traballo na escoita e a concienciación grupal. O alumnado pasouno moi ben neste obradoiro de teatro comunitario!



XOGOS CON PRIMARIA

O pasado 29 de marzo de 2023, Leire , Uxía , Irene , Carlota , Iris e Xiana de 3ºC foron facer unhas actividades cos nenos e nenas de 5º e 6º de primaria.

Para preparar esta actividade tivemos que acordar hora e día cos profesores do colexio. Na clase estivemos organizando todo e días anteriores quedamos co profesorado para facer unhas chapas para os nenos.

A actividade consistiu en facer tres xogos : o pano ; o brilé e o fútbol sen balón. O tempo aproximado foi de 1 hora e media por cada curso.

Esta actividade foi moi entretida para nós e tamén para eles. Ademais conxeniamos moito cos nenos e nenas que nos tocaron a cada unha de nós. Foi tanta a comodidade cos nenos e nenas de 6º de Primaria que dous días despois convidáronos ás súas aulas a un obradoiro de repostería e diversas actividades.

Cremos que a organización foi boa xa que todos xogaron ao que estaba proposto e remataron á hora que acordamos.

Segundo o noso criterio foi moi boa elección elixir esta actividade e colaborar cos nenos e nenas de primaria.



TORNEO MULTIDEPORTE

Para dar comezo a 3ª avaliación no instituto, Guillermo ,Fabián e Telmo alumnos de 3º da ESO decidiron organizar para a materia de proxecto competencial un torneo multideporte o mesmo día cá feira do troco, e da feira intercultural.

Neste torneo os organizadores do proxecto decidiron escoller os seguintes deportes:

- 1.Fútbol
- 2.Baloncesto
- 3.Balonmán
- 4.Pin-pon

Este torneo dividiuse por ciclos, é dicir 1º e 2º e 3º e 4º da ESO. Os campionatos eran mixtos, polo tanto, podían xogar homes e mulleres mesturados.

O torneo tivo moita participación e interese en xeral, e a pesar de que non foi todo como o planeado inicialmente, o alumnado puido xogar a todos os deportes que quixo.



O PRINCIPIÑO



REM@ N@ ILLA DE SAN SIMÓN

Durante este curso o alumnado de 1º e 4º tomaron contacto co deporte do remo.

Na primeira avaliación, tiveron a oportunidade de coñecer a historia da navegación en traiñeira, as diferentes embarcacións de remo (banco móbil e fixo), e facer unha práctica no instituto con remoergómetros.

Na segunda avaliación, trasladámonos ás instalacións que o club ten na praia de Cesantes para facer unha práctica no foxo, e aprender así a técnica propia do remo, como meter a pala na auga e o xeito adecuado cos brazos e coa espalda.

Na terceira avaliación a práctica real no mar na traiñeira ☺☺!!

Unha vez feitas as prácticas no remoergómetro e no foxo do club de remo Cesantes para ter un coñecemento da técnica axeitada, chegou o momento esperado. O alumnado de 1º e 4º tiveron o seu "bautismo" na traiñeira, saíndo a remar na Enseada de San Simón.

Agradecer ao Club de remo Cesantes, ao dinamizador da actividade, Sergio, ao Concello de Redondela e Protección Civil Redondela a súa inestimable colaboración.



PROXECTO DE ELABORACIÓN DE XABÓNS ARTESANAIS

Club de ciencias

As rapazas e rapaces de 4º ESO C e Shaila de 4ºB, no marco do desenvolvemento sostible, elaboraron xabón para hixiene persoal, e coidado da pel.

Para facer o proxecto seguimos os seguintes pasos:

1. Elaboración de xabóns artesanais sostibles e respectuosos co medio ambiente.
2. Embalaxe, control de calidade e etiquetado.
3. O Proxecto foi interdisciplinar.
4. Participación na feira de Ciencia de Soutomaior co proxecto, obtivemos premio revelación 2023.
5. Beneficios do xabón artesan.

1. Elaboración de xabóns artesanais sostibles e respectuosos co medio ambiente.

- O longo da primeira avaliación o alumnado recibiu unha pequena formación para entender os conceptos científicos, sobre a preparación de disolucións e do proceso de saponificación.
- Fíxemos unha primeira proba onde se fixeron xabóns ecolóxicos de aceite oliva, e plantas con propiedades excelentes para a pel como Áloe verá, Romeiro, Menta, lavanda, laranxa, cenoria,Tódolos produtos proceden do propio xardín e horta do centro.
- Despois do éxito da primeira, fíxose outra segunda, onde ademais do xabón de sosa, fíxemos tamén xabón de glicerina, todo feito no laboratorio do centro.
- Maduración do xabón de sosa (De 4 a 6 semanas) e control do PH.
- Está listo cando acada o PH neutro.
- O xabón de glicerina é moi fácil de facer, máis caro, pero cun aspecto máis estético.

2. Embalaxe e etiquetado coas propiedades e compoñentes de cada xabón.

- Creación de etiquetas
- QR incluído na etiqueta traballo cos ingredientes e propiedades de cada un dos xabóns
- Embalaxe
- Venda na Cooperativa solidaria Artesanilla.

3. Proxecto interdisciplinar, no que participaron 4 materias distintas: CAAP,IAEE, TIC, Tecnoloxía e o Club de ciencias.

Da Cooperativa solidaria Artesanilla, formar parte tódolos alumnos de 4ºC, feita pola alumnado na materia de IAEE con fins solidarios.

4. Levamos o proxecto a feira da Ciencia de Soutomaior e conseguimos o premio REVELACIÓN.

5. Beneficios do xabón artesán

Moito mellor calidade có industrial o cal se fai con saponificación en quente e perdese moitas propiedades e ademais non contén glicerina, a cal extraen para facer os xabóns de glicerina.

O artesán é feito con saponificación en frío, polo que os xabóns manteñen as propiedades e ademais conserva a glicerina.

NA OH+ Graxa = xabón + Glicerina

Contribúe ao consumo responsable, reduce o noso impacto ambiental e contribúe a sustentabilidade do entorno.

Axuda a organizacións para que tódolos necesitados poidan levar a cabo medidas de hixiene básicas.

Queres saber máis?

Contacta

INSTAGRAM: @artesanilla

artesanilla_san-simon

ACTIVIDADES DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

1. CHARLA: Como funciona un dron?

O pasado 9 de marzo o alumnado de 4º que cursa a materia de Tecnoloxía tivo a oportunidade de recibir a visita de Felipe Gil ,profesor da facultade de enxeñería de telecomunicacións de Vigo que veu a explicarlles aos rapaces o funcionamento básico dun dron.

Unha das cousas que puidemos aprender foi que estes pequenos aparellos, non poden saír a voar sen permisos, sobre todo nunha zona como a de Redondela, preto dun aeroporto como o de Peinador ,xa que pode interferir no normal funcionamento dos voos comerciais.

Tamén nos explicou a importancia dos drons hoxe en día, como pode ser na axuda para extincións de incendios, tomar fotografías de zonas pouco accesibles etc.

Ao final da charla, o alumnado probou a súa destreza na pilotaxe dun pequeno dron.



2. VISITA A AULA NEWTON EN TECNÓPOLE

O venres 21 de abril o alumnado de 4º da materia de tecnoloxía visitou a aula Newton en Tecnópole en Ourense. A aula Newton é un espazo que ofrece formación en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas. Actualmente a actividade que se desenvolve nesta aula ten relación co deseño dun plan de voo levado a cabo polo alumnado, utilizando ferramentas matemáticas como escalas, medición de distancias, cálculo de velocidades etc e posteriormente, cos resultados obtidos, levar eses parámetros a un simulador de voo.

Pese a distancia desde o noso centro a Ourense e o pequeno madrugón, a experiencia foi moi enriquecedora e gratificante.



3. CLUB DE CIENCIA

CONSTRUCCIÓN DO TRIÁNGULO DE SIERPINSKI.

Unha das actividades do club de ciencia deste ano foi a construción do triángulo de Sierpinski con latas recicladas.

O triángulo de Sierpinski é un fractal matemático onde existen repeticións de triángulos a distintas escalas ,co cal á hora da súa construción traballamos conceptos como potencias, razóns de semellanza etc.

Previamente a súa construción fixemos acopio de latas, co cal traballamos a reciclaxe, e despois un número bastante nutrido de alumnado de 2º de 4º e o profesorado participante no club de ciencias nos embarcamos na tarefa de facer un triángulo de NADA MÁIS E NADA MENOS QUE 243 LATAS !!! con moita, pero moita silicona.



4. PARTICIPACIÓN NA FEIRA DE CIENCIAS DE SOUTOMAIOR

Algúns integrantes do noso clube participaron na II FEIRA DE CIENCIAS DE SOUTOMAIOR cos proxectos do triángulo de Sierpinski e cos xabóns artesanais. Os días previos despois de saber que fomos seleccionados, foron de moitos preparativos e nervios mentres as rapazas e rapaces prepararon as súas exposicións.

O día da feira, unha vez montados os stands, compartimos os nosos proxectos co público presente e ao final da xornada conseguimos acadar 2 premios que recompensaron tanto traballo e dos cales estamos tremendamente orgullosos.

- **Premio comunica:** ao alumnado participante do club de Ciencias do curso 2ºB co proxecto: Construción dun fractal matemático con latas recicladas; o triángulo de Sierpinski.

O alumnado participante estivo composto por:

Elba Ferreira, Adrián Iglesias, Jneheba Novelle e Helena Romero

Premio revelación secundaria: ao alumnado participante do club de Ciencias do curso 4ºC co proxecto: Elaboración de xabóns artesanais. O alumnado participante estivo composto por: María Docampo, Estela Misa, Hidaya Moukhissi, e Paula Rodríguez



AS COOPERATIVAS “ROÁ” E “ARTESANILLA” PARTICIPAN NO PROXECTO DEPOEMPRENDE NA ESO

Un ano máis o IES Illa de San Simón volveu participar con grande éxito no proxecto Depoemprende na ESO da Deputación de Pontevedra. A novidade principal deste ano foi a creación de dúas cooperativas. Dunha banda Roá, formado por alumnado de 4ºA e doutra banda Artesanilla, formado por alumnado de 4ºB e 4ºC.

A finalidade deste proxecto é o de aprender paso a paso todo o proceso para constituír unha cooperativa. Tras decidir as directrices, a finalidade e o nome, elaborar os estatutos, logo, elixir aos cargos directivos ... puxémonos mans á obra. Para isto tivemos que traballar arreo en moitos e moi variados ámbitos. Comezamos co horto, elaborando artesanía, publicidade ...

A idea é obter uns beneficios iniciais, invertelos en produtos atractivos da contorna, e así ao tempo que aumentamos o noso capital potenciamos o comercio local. Todo isto sempre cumprindo coas máximas da cooperativa: ECOLÓXICA, SOLIDARIA E SOSTIBLE.

O 7 de xuño participamos no gran mercado solidario organizado pola Deputación de Pontevedra xunto co resto de cooperativas doutros centros, que tamén participan en Depoemprende. Esta experiencia enfronta unha vez máis ao alumnado co mundo real polo que resulta moi gratificante e construtiva.

Cos beneficios finais que obtivemos ata o mercado final colaboramos coas nosas ONGs. Este ano as elixidas foron **ASANOG** (Axuda aos nenos oncolóxicos de Galicia <https://asanog.org/>), **ACEM** (Asociación Coruñesa de Esclerosis Múltiple <https://esclerosismultiplegalicia.org/>) e **PARTICIPA** (Asociación para la inclusión social www.asociacionparticipa.org)



OLIMPIÁDA MATEMÁTICA GALEGA

Un ano máis os nosos rapaces do IES Illa de San Simón participaron na Olimpiada Matemática Galega para 2º da ESO organizada por AGAPEMA. Este ano nos representaron Mateo Couñago López de 2ºA e Helena Romero Rodríguez e Adrián Iglesias Seijo de 2ºB que participaron na Fase Zonal celebrada o pasado 27 de Abril no IES Xunqueira I en Pontevedra. Non puideron acadar a Fase Final pero o fixeron moi ben, disfrutaron do proceso e gozaron dunha experiencia diferente e moi enriquecedora. Noraboa rapaces! Seguro que o vindeiro ano haberá máis sorte!!!



OLIMPIÁDA CIENTÍFICA XUVENIL ESPAÑOLA

O noso equipo, "Os raios de Redondela", acadou a primeira posición na IV Olimpíada Xuvenil Española, na súa fase autonómica, clasificándose deste xeito para a fase nacional que os levará a Madrid a primeiros de xullo. Nesta a súa primeira participación, os nosos alumnos: Carla Acosta, David Lago e Rubén Lago, integrantes dos "Raios de Redondela", foron os de mellor desempeño de toda Galicia na Fase Autonómica da IV OCJE celebrada os días 23 e 24 de marzo de 2023 de forma telemática, aberta a participantes de tódolos rincons de España.

Nesta edición participaron 583 equipos, o que fai un total de 1749 participantes de toda España.

Desexámoslle a mellor das sortes na fase nacional e esperamos, coñecéndoos coma os coñecemos, que cheguen a clasificarse para a fase internacional que este ano vai ser celebrada en Tailandia no mes de decembro.



PARA PASAR O RATO DÁNDOLLE Ó COCO !

O dpto. de Matemáticas plantéxavos estes problemiñas que quedaron no tinteiro no noso concurso “O problema do mes”. Serás quen de resolvelos? Se podes solucionar os catro problemas non o dubides e envía as túas solución nun único pdf ao correo illafotomate@gmail.com ... nunca se sabe ...

AS BALANZAS

Nas figuras, as balanzas amosadas están en equilibrio e os obxectos diferentes teñen distinto peso.



A seguinte balanza,



con que obxectos se equilibra? Por que?

- A) ●●●●
- B) ▲●
- C) ○○○○
- D) ▲▲

NOTA MEDIA

A nota media acadada polas 20 persoas dunha clase foi de 6. Oito persoas suspenderon cun 3 e o resto superou o 5.

Cal é a nota media do alumnado aprobado?



QUEN É O SEGUINTE ?

Nesta serie a regra de construción é do máis singular. Serás que de desvelar cal é a pauta e cal é o seguinte termo ?

1

11

21

1211


111221

312211

13112221

1113213211

QUE NÚMERO AGOCHA ESTA RULETA ?



CAMISOLA 2023



Lola Fernández 2ºB

ORLAS

4ºA



4ºB



4ºC

